



Resolución do 23 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se adoptan medidas excepcionais no desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e nas ensinanzas de réxime especial.

Por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de marzo de 2020 adoptáronse medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, que foron seguidas da declaración, por acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020, da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e de activación do Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

Posteriormente, pola Resolución do 30 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, mantense a vixencia das medidas preventivas adoptadas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia polo Cecop con base no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de marzo, mentres que estea vixente a declaración do estado de alarma efectuada polo Goberno do Estado e a situación de emerxencia sanitaria declarada por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

O Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo, no seu artigo 9.1, suspende a actividade educativa presencial en todos os centros e etapas, ciclos, graos, cursos e niveis de ensino recollidos no artigo 3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, incluído o ensino universitario, así como calquera outra actividade educativa ou de formación impartida noutros centros públicos ou privados.

O Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP) publicou a Orde EFP/361/2020, do 21 de abril, pola que se adoptan medidas excepcionais en materia de flexibilización das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e das ensinanzas de réxime especial, na que se establecen excepcionalidades na aplicación da normativa reguladora da formación profesional no curso 2019-2020. Na súa disposición derradeira segunda indica que lles corresponde ás administracións educativas competentes de cada comunidade autónoma ditar as resolucións, as disposicións e as instrucións necesarias para garantir a súa eficacia.

Tendo en conta o anterior e a normativa que regula as ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e as ensinanzas de réxime especial de Galicia, é preciso ditar as instrucións para o desenvolvemento da formación práctica destas ensinanzas na situación de crise sanitaria provocada polo COVID-19 e, na súa virtude, esta dirección xeral

DISPÓN:

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Esta resolución ten por obxecto establecer medidas excepcionais en materia de ordenación e organización nas ensinanzas de formación profesional e nas ensinanzas de réxime especial, en desenvolvemento e aplicación das medidas de contención no ámbito educativo e de formación previstas no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma





para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, en centros educativos do ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia durante o curso 2019-2020.

Artigo 2. *Módulo de FCT e de Proxecto nas ensinanzas de formación profesional*

Ante a situación de excepcionalidade e para os efectos de lle facilitar ao alumnado a realización do módulo de Formación en Centros de Traballo (FCT), flexibilízanse as condicións xerais do seu desenvolvemento.

1. Na realización da FCT no período ordinario, os centros educativos poderán:
 - a. Reducir a duración deste módulo ata os mínimos previstos nos reais decretos polos que se establecen os títulos e as súas ensinanzas mínimas: 220 horas no caso de ciclos de grao medio e de grao superior, e 130 horas nos ciclos de grao profesional básico. Así mesmo, no caso dos programas formativos establecidos na Comunidade Autónoma de Galicia, a FCT poderá reducirse a 65 horas.
 - b. Desenvolver o módulo de FCT sen precisar da autorización recollida no artigo décimo cuarto da Orde do 28 de febreiro de 2007, pola que se regula o módulo de FCT en Galicia, en días non lectivos e/ou ampliando ao máximo as horas diarias de estadia na empresa, na medida en que as características de cada sector produtivo ou de servizos o permitan.
 - c. Favorecer que o alumnado realice ou remate o módulo de FCT mediante a fórmula do teletraballo, sempre que unha empresa ou institución ofrezca esta posibilidade e o/a titor/a considere que desta forma o/a alumno/a pode desenvolver as capacidades e alcanzar os resultados de aprendizaxe previstos no citado módulo e que poida levar a cabo, tamén por medios telemáticos, o seguimento da súa aprendizaxe.
 - d. Nos ciclos de grao superior derivados da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, integrar a realización da formación en centros de traballo e o módulo de proxecto nun único módulo cunha duración de 245 horas (FCT 220 horas e proxecto 25 horas), correspondentes á suma da duración prevista para eses módulos nos reais decretos de cada título. Neste módulo integranse os resultados de aprendizaxe e os criterios de realización do módulo de FCT, e os resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación do módulo profesional de Proxecto establecidos no currículo de cada título.
 - e. Nos ciclos de grao medio e de grao profesional básico, substituír a Formación en centros de traballo por unha proposta de actividades asociadas á contorna laboral, segundo o modelo do anexo I.
 - f. Nos programas formativos, substituír a Formación en centros de traballo por unha proposta de actividades asociadas á contorna laboral, segundo o modelo do anexo I. O equipo docente adecuará de forma individual, en función das posibilidades do/da alumno/a, o programa formativo do anexo I. Se a evolución da crise sanitaria permitise a incorporación do alumnado ao centro educativo, poderíase optar pola realización de actividades prácticas nas aulas e nos talleres, que se asemellen ás actividades realizadas en centros de traballo.





Na realización dos módulos das alíneas d), e) e f), será de aplicación o establecido no artigo 21, alínea b), da Orde do 12 de xullo de 2011 e na disposición décimo segunda da Resolución do 26 de xullo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2019-2020.

2. Na realización da FCT fóra do período ordinario, os centros educativos poderán:

a. Desenvolver o módulo de FCT no curso actual (antes do 31 de agosto de 2020).

O alumnado que de xeito voluntario desexe realizar o módulo de FCT en situacións reais de traballo, sempre que a empresa estea en condicións de acollelo e remate no curso actual, antes do 31 de agosto de 2020. O centro establecerá as medidas necesarias para levar a cabo o seguimento da aprendizaxe do/da alumno/a, tamén, por medios telemáticos. Será de aplicación o establecido na alínea 1.b) deste artigo.

b. Desenvolver o módulo de FCT a partir do 1 de setembro de 2020. Neste caso:

- i) O alumnado matricularase en calquera dos períodos extraordinarios establecidos para realizar o módulo de FCT e, de ser o caso, o módulo de Proxecto. Para os efectos de non consumir a convocatoria asociada á matrícula do curso 2019-2020, será avaliada como unha renuncia, indicando en observacións “COVID19 - curso 2019-2020”.
- ii) O alumnado pode optar por realizar o módulo de Proxecto no período establecido con carácter xeral ou ben no momento de realizar a FCT, aínda que a avaliación efectiva se fará cando se realice a FCT.
- iii) Nas dúas alíneas anteriores, o alumnado deberá presentar ante o centro educativo unha solicitude segundo o modelo do anexo II, antes do 30 de xuño de 2020, que quedará arquivada no expediente do/da alumno/a.

3. O alumnado afectado pola suspensión ou a interrupción da mobilidade para a realización do módulo de FCT por causa da pandemia COVID-19, no marco do programa de mobilidade Erasmus+ ou de calquera outra mobilidade, poderá acollerse a algunha das alternativas indicadas anteriormente para iniciar ou continuar o desenvolvemento do módulo tanto dentro como fóra do territorial español, de ser o caso.

4. Avaliación de módulo de FCT e de Proxecto

- a. Nos ciclos de grao superior derivados da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a avaliación do módulo de FCT e do módulo de Proxecto realizarase de conformidade co disposto no artigo 26.1 e 26.2 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, de modo que a realización dos módulos con carácter integrado derivará na cualificación do módulo de Proxecto de maneira numérica, entre un e dez, sen decimais, e a cualificación do módulo profesional de Formación en centros de traballo cualificarase como “apto/a” ou “non apto/a”, e non se terá en conta para calcular a nota media do expediente académico.





- b. Nos ciclos de grao medio, nos ciclos de formación profesional básica e nos programas formativos, a avaliación do módulo de FCT realizarase de conformidade co disposto no artigo 26.2 da Orde do 12 de xullo de 2011.
- c. Ao alumnado de segundo curso do réxime ordinario ou da modalidade de formación profesional dual, dos ciclos das familias profesionais relacionadas coa área sanitaria ou sociocomunitaria que accedese a un contrato, poderáselle aplicar a exención total ou parcial que corresponda do módulo de FCT, segundo o establecido na Orde SND/299/2020, do 27 de marzo, pola que se modifica a Orde SND/232/2020, do 15 de marzo, pola que se adoptan medidas en materia de recursos humanos e medios para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e na Orde SND/295/2020, do 26 de marzo, pola que se adoptan medidas en materia de recursos humanos no ámbito dos servizos sociais ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19.

Artigo 3. *Alumnado matriculado na modalidade de formación profesional dual*

- 1. Con carácter xeral, o alumnado realizará as actividades formativas nos centros de traballo segundo o establecido nos convenios e/ou acordos de colaboración coas empresas.
- 2. Se por motivo da crise sanitaria do COVID-19 a formación nos centros de traballo non é posible:
 - a. Os centros educativos reprogramarán para cada alumno/a a súa formación, planificando actividades de reforzo dos aspectos que non fosen abordados na empresa.
 - b. O alumnado de segundo curso do réxime ordinario poderá realizar o módulo de FCT e o módulo de Proxecto, segundo o establecido no artigo 2.
 - c. Para a formación profesional dual de grupo completo:
 - i) No caso do alumnado que estea a cursar o derradeiro curso do ciclo, en función do tempo que estivese na empresa e dos resultados de aprendizaxe adquiridos, o equipo docente valorará a necesidade de realizar o módulo de FCT e, de ser o caso, de Proxecto, segundo o establecido no artigo 2. Coa finalidade de facilitar que o alumnado poida continuar o seu itinerario formativo para o próximo curso escolar, poderá titular nas datas establecidas para o resto das ensinanzas.
 - ii) No caso do alumnado que non estea a cursar o derradeiro curso do ciclo e tiña programada formación na empresa no período de xullo a setembro, poderá ser avaliado dos módulos e rematar o curso escolar nas datas establecidas para o resto das ensinanzas. Se, con posterioridade a este momento, a empresa entende que está en condicións de acoller o alumnado, este poderá incorporarse á formación na empresa coa finalidade de realizar un reforzo formativo.

Artigo 4. *Desenvolvemento do bloque de formación práctica das ensinanzas deportivas*





1. O alumnado que curse ensinanzas deportivas ás que se refire o Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial, poderá acollerse ás medidas previstas nesta resolución para as ensinanzas de formación profesional, en función da modalidade deportiva que se estea a cursar.
2. As ensinanzas deportivas de grao superior rexeranse polo previsto no artigo 2 alíneas 1 e 4 desta resolución para formación profesional, podendo quedar integrados, de maneira excepcional, os módulos de Formación práctica e de Proxecto final. A realización dos dous módulos realizarase de xeito integrado e cunha duración total correspondente á suma da duración prevista para estes módulos nos reais decretos de cada título.
3. Así mesmo, nas ensinanzas deportivas de grao medio, a estadía en contornos produtivos propia do módulo de Formación práctica poderase substituír por unha proposta de actividades asociadas a situacións reais de traballo ou práctica deportiva.
4. Para os efectos de avaliación das ensinanzas, na realización dos módulos con carácter integrado o módulo de formación práctica e o de proxecto final cualificaranse como “apto/a” ou “non apto/a”, sen que se teña en conta para a cualificación final do ciclo.

Artigo 5. *Desenvolvemento da fase de formación práctica nas ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño*

1. O alumnado que curse ensinanzas artísticas profesionais de artes plásticas e deseño ás que se refire o Real decreto 596/2007, do 4 de maio, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, poderá acollerse ás medidas previstas nesta resolución para as ensinanzas de formación profesional, en función da especialidade que se estea a cursar.
2. Nos ciclos de grao superior de artes plásticas e deseño, a fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres, e o módulo de Proxecto integrado poderanse realizar de xeito integrado, adaptando o establecido nos artigos 8 e 9 do Real decreto 596/2007, do 4 de maio. A súa duración total será a suma da carga lectiva prevista para a fase de formación práctica e o proxecto integrado nos reais decretos de establecemento de cada título.
3. Así mesmo, nos ciclos de grao medio de artes plásticas e deseño, a fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres, e o módulo de Obra final poderase realizar de xeito integrado, e a súa duración total será a suma da carga lectiva prevista para ambos os casos nos reais decretos de establecemento de cada título.
4. A avaliación das ensinanzas ás que se refire este artigo quedará recollida, en calquera caso, coa cualificación do módulo de Proxecto integrado ou de Obra final de maneira numérica, entre cero e dez, sen decimais, e a cualificación do módulo profesional de formación en centros de traballo como “apto/a” ou “non apto/a”, sen que esta última se teña en conta para calcular a nota media do expediente académico.
5. Nos títulos aprobados en virtude da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, aínda en vigor, nos que non puidesen ser de aplicación as medidas recollidas nas alíneas anteriores por corresponder a realización do Proxecto ou Obra final no curso seguinte, a fase de formación práctica en empresas, estudos ou talleres poderá realizarse como traballos profesionais





dirixidos academicamente e integrados no currículo, segundo se prevé nos reais decretos de establecemento dos correspondentes títulos, ou poderá realizarse de xeito efectivo no seguinte curso xunto co Proxecto ou a Obra final, ampliando excepcionalmente o período previsto para posibilitar a súa execución.

Artigo 6. *Desenvolvemento das prácticas externas nas ensinanzas artísticas superiores*

1. O alumnado que curse ensinanzas artísticas superiores en cuxos reais decretos de contidos básicos se prevea a realización de prácticas externas, con carácter excepcional durante o curso escolar 2019-2020, poderá acollerse ás medidas previstas nesta resolución para as ensinanzas de formación profesional, en función da especialidade que se estea a cursar.

2. Nas ensinanzas superiores de danza, de deseño, de artes plásticas, e de conservación e restauración de bens culturais, as prácticas externas poderán realizarse de xeito integrado co traballo de fin de estudos ou con algunha disciplina de perfil práctico pertencente ao bloque de materias obrigatorias de especialidade. O número total de créditos ECTS asignado corresponderá á suma da asignación prevista para as devanditas prácticas, traballo de fin de estudos ou materia nos Reais decretos 632/2010, 633/2010, 634/2010 e 635/2010, do 14 de maio, nos que se regulan as citadas ensinanzas artísticas.

3. A avaliación das ensinanzas ás que se refire este artigo quedará recollida, en calquera caso, coa cualificación de cada unha das disciplinas de traballo de fin de estudos e de prácticas externas de xeito numérico, entre cero e dez, cun so decimal.

Disposición adicional. *Títulos aprobados en virtude da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.*

Ao módulo de FCT dos títulos aprobados en virtude da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, seralle de aplicación o establecido nos artigos 2 e 3.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2020

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa





ANEXO I

Actividades asociadas á contorna laboral nos ciclos de grao medio, nos ciclos de FP básica e nos programas formativos

As actividades asociadas á contorna laboral consistirán na realización dun proxecto, programa ou plan recollido nun documento, que ten por finalidade a integración efectiva dos aspectos máis salientables da competencia xeral, e as competencias profesionais, persoais e sociais integradas no perfil profesional, e desenvolvidas nos restantes módulos do título ou programa formativo, partindo dos resultados de aprendizaxe e dos criterios de avaliación do módulo de FCT. Nos ciclos de FP básica soamente se terán en conta os módulos asociados ás unidades de competencia.

O documento elaborárase de acordo coas características da contorna profesional do ciclo formativo, tendo en conta a perspectiva do título no sector ou nos sectores produtivos en que se insire, as funcións propias de cada tipo de persoal técnico, e os elementos tecnolóxicos e organizativos que afectan as ocupacións e os postos de traballo desenvolvidos polos/as diferentes profesionais. No caso dos ciclos de grao medio, poderanse incluír o tratamento dos elementos relacionados coa xestión empresarial, as oportunidades de negocio e o desenvolvemento sustentable e equitativo. En todo caso, consideraranse os elementos esenciais da seguridade e A saúde laboral, a avaliación dos posibles riscos profesionais no desempeño das ocupacións, a planificación da prevención de riscos nos centros de traballo e a aplicación de medidas de prevención e protección nos postos de traballo.

Para a elaboración do documento, poderanse utilizar como referente os modelos de guións que se detallan a continuación ou optar por outro. En calquera caso, o equipo docente deberá flexibilizar a súa elaboración e adaptar o seu contido ás circunstancias, ás características e ás capacidades do alumnado, e ás particularidades do ciclo ou do programa formativo.

Modelos de guión

Modelo A. Destinado a alumnado de ciclos de grao medio ou de FP básica

Poderanse incluír soamente algúns dos apartados ou subapartados.

1. Descrición das características dos sectores produtivos integrados no perfil profesional do ciclo ou programa. Poderá incluír:
 - a. Características específicas dos sectores económicos vinculados en relación coa súa contorna económica.
 - b. Estrutura e dimensión das empresas ou actividades produtivas.
 - c. Ocupacións ou postos de traballo máis representativos.
 - d. Evolución na formación dos/das traballadores/as en relación aos cambios tecnolóxicos e de planificación no sector.
 - e. Influencia da tecnoloxía dixital nas empresas.
 - f. Determinación dos puntos fortes e débiles do sector ou dos sectores produtivos.





2. Identificación das necesidades dos sectores produtivos en relación co proxecto seleccionado. Poderá incluír:
 - a. Identificación dos produtos ou servizos máis demandados no ámbito desa actividade económica.
 - b. Selección de posibles oportunidades para o desenvolvemento futuro das actividades produtivas do sector ou dos sectores.
 - c. Indicación de se o proxecto trata de resolver unha necesidade detectada ou se centra nunha actividade propia do sector.
 - d. Proposta dalgunha innovación, novos produtos ou servizos, ou forma de ofrecelos.
 - e. Planificación dos recursos necesarios para acometer o plan.
 - f. Valoración da viabilidade técnica, legal e económica do proxecto formulado (só nos ciclos de grao medio).
 - g. Xustificación do proxecto seleccionado.

3. Desenvolvemento. Dependendo da temática que se trate, poderá incluír:
 - a. Definición e elaboración, de ser o caso, da documentación necesaria para o proxecto.
 - b. Identificación da necesidade de autorización ou permisos para as actividades planificadas.
 - c. Coordinación da execución con outros equipos de traballo.
 - d. Planificación e control dos procesos ou dos servizos.
 - e. Secuenciación das actividades que se vaian desenvolver.
 - f. Identificación dos principais riscos laborais asociados á actividade e da súa solución.
 - g. Recoñecemento dos dereitos e das obrigas de empresarios/as e traballadores/as en relación coa seguridade e a saúde laboral.
 - h. Plan de igualdade entre homes e mulleres.
 - i. Aplicación de medidas en relación ao respecto polo ambiente.
 - j. Establecemento dos mecanismos de seguimento e control da execución do proxecto.
 - k. Deseño dos mecanismos de corrección de posibles erros e desviacións.





4. Conclusións e reflexión final.

Modelo B. Destinado principalmente a alumnado de ciclos de FP básica ou programas formativos

Poderanse incluír soamente algúns dos apartados ou subapartados.

1. Descrición das características dos sectores produtivos integrados no perfil profesional do ciclo ou programa. Poderá incluír:
 - a. Características específicas dos sectores económicos vinculados en relación coa súa contorna económica.
 - b. Estrutura e dimensión das empresas ou actividades produtivas.
 - c. Ocupacións ou postos de traballo máis representativos.
 - d. Evolución na formación dos/das traballadores/as en relación aos cambios tecnolóxicos e de planificación no sector.
 - e. Influencia da tecnoloxía dixital nas empresas.
 - f. Determinación dos puntos fortes e débiles do sector ou dos sectores produtivos.
2. Desenvolvemento de supostos prácticos relacionados cos resultados de aprendizaxe e cos criterios de avaliación, relativos ás actividades que o alumnado debe realizar en situacións reais nos centros de traballo.
3. Conclusións e reflexión final.

Orientacións pedagóxicas para as actividades asociadas á contorna laboral

Atendendo ás circunstancias, ás características e ás capacidades do alumnado, e ás particularidades do ciclo ou programa formativo, fomentárase e valorárase o seguinte:

1. Creatividade, autonomía e iniciativa persoal, espírito crítico e capacidade de innovación nos procesos realizados.
2. Inclusión de elementos transversais do currículo dos ciclos ou dos programas formativos:
 - a. Respecto polo ambiente.
 - b. Igualdade efectiva entre homes e mulleres.
 - c. Prevención de riscos profesionais.
 - d. Non discriminación por ningunha condición ou circunstancia persoal nin social, nomeadamente en relación cos dereitos das persoas con discapacidade, etc.
3. Tratamento de:





- a. Responsabilidade social e a súa conciliación cos obxectivos do desenvolvemento sustentable.
 - b. Economía circular.
 - c. Economía social.
 - d. Desenvolvemento de aspectos que incidan na mellora das desigualdades demográficas existentes en Galicia ou que impulsen a Galicia rural.
4. Uso das TIC.
 5. Utilización de:
 - a. Documentación teórica auxiliar: bibliografía, planos, manuais de uso, guías, páxinas web de referencia, apuntamentos breves e lexislación.
 - b. Distintos soportes documentais: vídeos, presentacións, elementos multimedia, etc.

A avaliación das actividades asociadas á contorna laboral poderase complementar cunha entrevista profesional estruturada.





ANEXO II

| | |
|--|-------------------|
| REALIZACIÓN DO MÓDULO DE FCT E DO MÓDULO DE PROXECTO (COVID-19) | Documento |
| | Solicitude |

Datos da persoa solicitante

| | | |
|-----------------|---------------------------|-----------------|
| Apelidos | | Nome |
| | | |
| DNI | Correo electrónico | Teléfono |
| | | |

Datos da ensinanza

| | |
|--|--------------|
| Centro educativo | Ciclo |
| | |
| Réxime - Modalidade | |
| <input type="checkbox"/> Ordinario <input type="checkbox"/> Adultos presencial <input type="checkbox"/> Adultos distancia <input type="checkbox"/> FP dual | |

Solicita:

- Realizar o módulo de FCT e, de ser o caso, o módulo de Proxecto noutro curso académico, e non consumir a convocatoria asociada á matrícula do curso 2019-2020.
- Realizar o módulo de Proxecto no período establecido con carácter xeral.

_____, ____ de _____ de 20 ____

| |
|--|
| Sinatura da persoa solicitante |
| |

Dirixir ao centro educativo (nome): _____

